



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIRO

Anuncio de publicación da licitación de autorizacións de atraccións e postos das festas de verán 2022

ANUNCIO DE LICITACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE USO DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIONS FEIRAIS E POSTOS NO CONCELLO DE BOIRO CO GALLO DAS FESTAS DE VERÁN 2022

Convocatoria da licitación das autorizacións de uso do dominio público municipal para a instalación de atraccións feirais e postos no Concello de Boiro co gallo das festas de verán 2022

Por Decreto do Sr. alcalde núm. 2022-0660, do 13.06.2022, convocouse procedemento de licitación para outorgamento das autorizacións de uso do dominio público municipal para a instalación de atraccións feirais e postos no Concello de Boiro co gallo das festas de verán 2022 tal e como se recolle no prego de condicións que regula esta licitación.

1. **Entidade adxudicataria:** Concello de Boiro.
2. **Obxecto:** autorizacións para a ocupación do dominio público municipal para a instalación de atraccións de tipo mecánico e eléctricas, tómbolas e xogos de azar, postos de venda co gallo das celebración das festas de verán 2022.
3. **Criteria de adxudicación:** oferta económica mediante poxa pública.
4. **Tipo de licitación:** o que figura no prego de condicións.
5. **Garantía:** non se esixe.
6. **Obtención documentación:** na sede electrónica do Concello de Boiro (<https://boiro.sedelectronica.gal/>) e na Casa do Concello situada en Praza de Galicia, s/n, Boiro. Teléfono 981 844800/981 849960, correo electrónico contratacion@boiro.gal.
7. **Presentación de ofertas.**
 - a) **Prazo:** dez (10) días naturais, contados desde a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.
 - b) **Documentación a presentar:** a sinalada no prego de condicións.
 - c) **Lugar:** Rexistro Xeral do Concello de Boiro sito en Praza de Galicia, s/n, Boiro, ou por medio da sede electrónica do Concello (<https://boiro.sedelectronica.gal/>)
 - d) **Horario do Rexistro Xeral:** de 9.00 a 13.30 horas de luns a venres.
8. **Realización da poxa pública:** no lugar, día e hora que se sinala no prego de condicións.

Boiro, 13 de xuño de 2022.

José Ramón Romero García

O alcalde

2022/3603